

PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DE LISTAXES DE CONTRATACIÓN PARA  
PRAZAS DE ADMINISTRATIVO E SECRETARIO DE CONSERVATORIO

CONCELLO DE PONTEAREAS

PRIMEIRO EXAME  
PROBA TEÓRICA

Cuestionario tipo test

40 preguntas

4 preguntas reserva

Tempo: 1 hora

Data da realización: 18 de decembro de 2018

**1.- Segundo o art. 18 da Constitución española garántese o segredo das comunicacións telefónicas:**

- a) Salvo resolución xudicial
- b) Salvo resolución policial
- c) Salvo resolución policial ou xudicial
- d) En calquera caso

**2.- Segundo o art. 141 da Constitución, o goberno e a administración autónoma da provincia corresponde:**

- a) Ás deputacións exclusivamente.
- b) Ás deputacións ou outras corporacións de carácter representativo.
- c) Á Xunta de Goberno
- d) Todas as respostas son correctas.

**3.- De acordo co artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:**

- a) Requírese o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a aprobación e modificación das ordenanzas fiscais
- b) Requírese o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos e para a fixación dos elementos necesarios en orde á determinación das respectivas cotas tributarias
- c) Requírese o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a aprobación e modificación do regulamento orgánico propio da corporación
- d) Para a aprobación de ordenanzas ou regulamentos municipais non é necesaria maioría absoluta

**4.- Segundo o art. 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelles aos poderes públicos de Galicia:**

- a) Promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social
- b) Promover as condicións para que se estableza a liberdade e a igualdade ante a Lei de todos os individuos e dos grupos en que se integran, e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude
- c) Impoñer a liberdade e a igualdade plenas entre todos os individuos nos ámbitos político, económico, cultural e social
- d) Respetar a liberdade do individuo e dos grupos en que se integra, sen interferir no libre desenvolvemento da vida política, económica, cultural e social

**5.- Como se estrutura o Estatuto da Comunidade Autónoma galega?**

- a) Nun título preliminar, cinco títulos e 7 disposicións adicionais
- b) Nun título preliminar, cinco títulos, 7 disposicións adicionais e 4 disposicións transitorias
- c) Nun título preliminar, cinco títulos e 4 disposicións transitorias
- d) Nun título preliminar, cinco títulos, 4 disposicións adicionais e 7 disposicións transitorias

**6.- De conformidade co disposto no artigo 2 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia, os poderes públicos de Galicia:**

- a) Garantirán o deber de coñecer o galego e o dereito a usalo
- b) Garantirán o deber de coñecer o galego e o dereito a usar o castelán
- c) Garantirán o uso normal do galego como lingua propia de Galicia
- d) Garantirán o uso normal do galego e do castelán

**7.-Respecto á anulabilidade:**

- a) Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, salvo a desviación de poder
- b) O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados
- c) La realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas implicará a anulabilidade do acto en calquera caso
- d) Todas son correctas

**8.-Son fins propios e específicos da provincia**

- a) Realizar os servizos de competencia municipal
- b) Coordinar a administración municipal coa estatal e a autonómica
- c) Garantir os principios de solidariedade e autonomía municipais
- d) Garantir o principio de equilibrio intermunicipal

**9.- O art. 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencia das deputacións:**

- a) A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 10.000 habitantes
- b) A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.
- c) A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada en todos os municipios.
- d) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

**10.-Segundo o artigo 92 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, quen poderá solicitar durante o debate a retirada dalgún expediente incluído na orde do día dunha sesión plenaria?**

- a) O secretario xeral do Pleno
- b) Unha cuarta parte do número legal de membros do Pleno
- c) Calquera concelleiro
- d) O alcalde

**11. As diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas, de acordo, entre outros, cos seguintes principios:**

- a) Cooperación, cando dous ou máis administracións públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común.
- b) Colaboración, entendido como o deber de actuar co resto de administracións públicas para o logro de fins comúns.
- c) Lealdade institucional
- d) Todas son correctas

**12.- De acordo co art. 102.2. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando haxa lugar á execución subsidiaria as administracións públicas realizarán o acto:**

- a) A través das persoas que determinen, á custa do obrigado
- b) Por si, á custa do obrigado
- c) Por si, á custa das persoas que determinen
- d) Por si ou a través das persoas que determinen, á custa do obrigado

**13.- En relación co artigo 24.1. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:**

- a).-O silencio terá efecto estimatorio nos procedementos relativos ao exercicio do dereito de petición, a que se refire o artigo 29 da Constitución, aqueles cuxa estimación tivese como consecuencia que se transfiran ao solicitante ou a terceiros facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público, impliquen o exercicio de actividades que poidan danar o medio ambiente e nos procedementos de responsabilidade patrimonial das administracións públicas.
- b).-O silencio terá efecto desestimatorio nos procedementos relativos ao exercicio do dereito de petición, a que se refire o artigo 28 da Constitución, aqueles cuxa estimación tivese como consecuencia que se transfiran ao solicitante ou a terceiros facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público, impliquen o exercicio de actividades que poidan danar o medio ambiente e nos procedementos de responsabilidade patrimonial das administracións públicas.
- c).- O silencio terá efecto desestimatorio nos procedementos relativos ao exercicio do dereito de petición, a que se refire o artigo 29 da Constitución, aqueles cuxa desestimación tivese como consecuencia que se transfiran ao solicitante ou a terceiros facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público, impliquen o exercicio de actividades que poidan danar o medio ambiente e nos procedementos de responsabilidade patrimonial das administracións públicas.
- d).- O silencio terá efecto desestimatorio nos procedementos relativos ao exercicio do dereito de petición, a que se refire o artigo 29 da Constitución, aqueles cuxa estimación tivese como consecuencia que se transfiran ao solicitante ou a terceiros facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público, impliquen o exercicio de actividades que poidan danar o medio ambiente e nos procedementos de responsabilidade patrimonial das administracións públicas.

**14.-A ordenación do procedemento régúlase en:**

- a).- O capítulo III do título IV da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- b).- O capítulo IV do título III da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- c).- O capítulo II do título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- d).- O capítulo III do título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

**15.-O art. 107 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas establece para a declaración de lesividade de actos anulables:**

- a).- A declaración de lesividade non se poderá adoptar unha vez transcorridos catro anos desde que se publicou o acto administrativo e exixirá a audiencia previa de cantos aparezan como interesados no mesmo, nos termos establecidos polo artigo 82.
- b).- Transcorrido o prazo de seis meses desde a iniciación do procedemento sen que se declarase a lesividade, producirase a caducidade do mesmo.
- c. Se o acto proviñese da Administración xeral do Estado ou das comunidades autónomas, a declaración de lesividade será adoptada polo órgano colexiado superior da entidade.
- d).- Todas as respostas son correctas.

**16.-Respecto á validación non é correcto:**

- a) A administración poderá validar os actos anulables, emendando os vicios que padezan
- b) O acto de validación producirá efecto desde a súa data, salvo o disposto no artigo 39.3 para a retroactividade dos actos administrativos
- c) Se o vicio consistise en incompetencia non determinante de nulidade, a validación poderá ser realizada polo órgano competente sempre que non sexa superior xerárquico do que ditou o acto viciado
- d) Se o vicio consistise na falta dalgunha autorización, poderá ser convalidado o acto mediante o outorgamento desta polo órgano competente

**17.- Requírese maioría simple para a adopción de acordos nas seguintes materias:**

- a) Alteración do nome e da capitalidade do municipio.
- b) Aprobación e modificación do regulamento orgánico propio da corporación.
- c) Aprobación dos orzamentos municipais.
- d) Transferencia de funcións ou actividades a outras administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente.

**18.- Corresponden, en todo caso, ao Pleno municipal nos concellos, e á Asamblea veciñal no réxime de concello aberto, entre outras, as seguintes atribucións:**

- a) A determinación dos recursos propios de carácter tributario; a aprobación e modificación dos orzamentos, a disposición de gastos en materia da súa competencia e a aprobación das contas; todo isto de acordo co disposto na Lei reguladora das facendas locais.
- b) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das contempladas no artigo 158.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o 10% dos seus recursos ordinarios, salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, ordenar pagos e render contas; todo isto de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais.
- c) As dúas respostas anteriores son correctas.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**19.- En que artigo da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral se prevé que o alcalde poida ser destituído mediante moción de censura, e establece as normas para a súa presentación, tramitación e votación?**

- a) O 179
- b) O 197
- c) O 157
- d) Ningún é correcto

**20.- A disposición en vigor que actualmente regula a emisión de informes previos dentro da función de asesoramento legal preceptivo que corresponde á función pública de Secretaría é:**

- a) Real decreto 128/2018, do 16 de marzo
- b) Real decreto 118/2018, do 16 de marzo
- c) Real decreto 28/2018, do 16 de marzo
- d) Ningún é correcto

**21.- Enténdese por documentos públicos administrativos, segundo establece o artigo 26 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:**

- a) Os validamente emitidos por escrito polas administracións públicas.
- b) Os validamente emitidos por escrito polas administracións públicas, a través de medios electrónicos.
- c) Os validamente emitidos por escrito polas administracións públicas, a través de medios electrónicos, a menos que a súa natureza esixa outra forma máis adecuada de expresión e constancia.
- d) Os validamente emitidos polas administracións públicas por escrito no idioma elixido polo interesado, a través de medios electrónicos, a menos que a súa natureza esixa outra forma máis adecuada de expresión e constancia.

**22.- Cada administración pública determinará as condicións e instrumentos de creación das sedes electrónicas con suxeición aos principios de:**

- a) Transparencia, publicidade, responsabilidade, calidade, cantidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.
- b) Transparencia, responsabilidade, seguridade, publicidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.
- c) Transparencia, publicidade, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.
- d) Ningunha é correcta.

**23.- O artigo 46.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, afirma que todos os documentos utilizados nas actuacións administrativas se almacenarán por medios electrónicos:**

- a) Sempre
- b) Sen excepción
- c) Salvo cando non sexa posible
- d) Todas son correctas

**24.- Di en que artigo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, se ofrece a seguinte definición: “Enténdese por portal de internet o punto de acceso electrónico cuxa titularidade corresponda a unha administración pública, organismo público ou entidade de dereito público que permite o acceso a través de internet á información publicada e, no seu caso, á sede electrónica correspondente”:**

- a) Artigo 38
- b) Artigo 46
- c) Artigo 39
- d) Ningún deles é correcto

**25.- Segundo se prevé no artigo 46.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, os medios ou soportes nos que se almacenen documentos deberán contar con medidas de seguridade, de acordo co previsto en:**

- a) ENI
- b) SIR
- c) SIA
- d) Ningún é correcto

**26.-É persoal eventual, segundo o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público:**

- a) O que por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia é nomeado como tal.
- b) O que é contratado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal.
- c) O que en virtude de nomeamento e con carácter non permanente só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial.
- d) Ningunha é correcta.

**27.- Segundo establece o artigo 172 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a excedencia voluntaria do persoal funcionario de carreira pode adoptar as seguintes modalidades:**

- a) Só excedencia por interese particular, por prestación de servizos no sector público e por coidado de familiares.
- b) Só excedencia por interese particular, por prestación de servizos no sector público, por agrupación familiar, por razón de violencia de xénero e por coidado de familiares.
- c) O artigo 172 non se refire á excedencia voluntaria.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

**28.- A vixente Lei orgánica de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais foi publicada o día:**

- a) 5 de decembro de 2018
- b) 5 de outubro de 2018
- c) 6 de decembro de 2018
- d) 7 de decembro de 2018

**29.- En virtude do establecido no artigo 8.2 da vixente Lei orgánica de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o tratamento dos datos persoais só podera considerarse fundado no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable, nos términos previstos no artigo 6.1e) do Regulamento (UE) 2016/679:**

- a) Cando derive dunha competencia atribuída polo propio regulamento.
- b) Cando derive dunha competencia atribuída por unha norma con rango de lei.
- c) Cando derive dunha disposición regulamentaria.
- d) Todas son correctas.

**30.- Indica en que capítulo do título III (dereitos das persoas) da vixente Lei orgánica de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais se regula o “exercicio dos dereitos”:**

- a) Capítulo I
- b) Capítulo II
- c) Capítulo III
- d) Capítulo IV

**31.- Segundo o artigo 22 da vixente Lei orgánica de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, cando as persoas xurídicas leven a cabo o tratamento de imaxes a través de sistemas de cámaras ou videocámaras coa finalidade de preservar a seguridade das persoas e bens, así como das súas instalacións, deberán suprimir os datos no prazo máximo desde a súa captación (salvo cando deben ser conservados para acreditar a comisión de actos que atenten contra a integridade de persoas, bens ou instalacións) de:**

- a) 48 horas

- b) 72 horas
- c) 1 mes
- d) 2 meses

**32.-Os particulares terán dereito a seren indemnizados polas administracións públicas correspondentes de toda lesión que sufran nos seus bens e dereitos:**

- a) Só se a lesión é consecuencia do funcionamento anormal dos servizos públicos.
- b) Só se se produce en casos de forza maior.
- c) Só se afecta a un grupo de persoas.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

**33.- En que artigo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, se establece que a responsabilidade concorrente das administracións públicas será solidaria?**

- a) No 27..3
- b) No 33.1
- c) No 34.2
- d) En ningún deles

**34.- Cantos habitantes tiña Pontearreas no Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2017?**

- a) Entre 22.500 e 23.000
- b) Entre 23.001 e 23.300
- c) Máis de 23.300
- d) Menos de 22.500

**35.- Cantas entidades locais menores ten o Concello de Pontearreas?**

- a).- Dúas
- b).- Tres
- c).- Unha
- d).- Ningunha

**36.- Segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, cal destas competencias non lle corresponde ao Concello de Pontearreas polo seu número de habitantes?**

- a).- Protección civil, prevención e extinción de incendios.
- b).- Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.
- c).- Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano.
- d).- Iluminación pública, recollida de residuos, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

**37.- De conformidade co establecido no artigo 171.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento xeral das entidades locais poderá interpoñerse:**

- a) Directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas da dita xurisdición.
- b) Recurso de reposición na forma e prazos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- c) Reclamación económico-administrativa.
- d) As respostas a) e c) son correctas.



**38.-Se ao inicio do exercicio económico a entidade local non aprobouse o orzamento correspondente:**

- a) Só se poderán facer pagos de persoal.
- b) Considérase automaticamente prorrogado o do exercicio anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen conforme ao disposto nos artigos 177, 178 e 179 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- c) Non se poderán realizar pagos nin ingresos ata que estea aprobado o orzamento xeral para o exercicio.
- d) Considérase automaticamente prorrogado o do exercicio anterior, ata o límite global dos seus créditos definitivos, sen prexuízo das modificacións que se realicen conforme ao disposto nos artigos 177, 178 e 179 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**39.-Antes de que data deberá ser aprobada a conta xeral dunha entidade local?**

- a) Antes do 1 de novembro
- b) Antes do 1 de setembro
- c) Antes do 1 de outubro
- d) Antes do 1 de decembro

**40.-O artigo 93 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas establece que:**

- a).- Nos procedementos iniciados de oficio, a Administración poderá desistir nos supostos e cos requisitos previstos nas leis.
- b).- Nos procedementos iniciados de oficio ou a instancia de parte, a Administración poderá desistir nos supostos e cos requisitos previstos nas leis.
- c).- Nos procedementos iniciados de oficio, a Administración poderá desistir, motivadamente, nos supostos e cos requisitos previstos nas leis.
- d).- Ningunha das anteriores respostas é correcta.

### **PREGUNTAS DE RESERVA**

**1.- As siglas como se coñece a rede de área local son:**

- a) Lan
- b) Ral
- c) Lra
- d) WIFI

**2.- Os titulares da patria potestade poderán exercitar en nome e representación dos menores os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición ou calquera outros que puidesen corresponderlles no contexto da Lei orgánica de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sempre que teñan menos de:**

- a) 18 anos
- b) 16 anos
- c) 14 anos
- d) 21 anos

**3.-Os presidentes das corporacións locais poderán concertar as operacións de crédito a longo prazo previstas no orzamento, cuxo importe acumulado, dentro de cada exercicio económico:**

- a) Non superen o 15% dos recursos de carácter ordinario previstos no orzamento
- b) Non superen o 10% dos recursos de carácter ordinario previstos no orzamento
- c) Non superen o 15% dos recursos correntes liquidados no exercicio anterior

d) Non superen o 10% dos recursos correntes liquidados no exercicio anterior.

**4.-En que plantilla de Word se garda a fonte predeterminada dos documentos novos?**

- a) Doc1.dot
- b) Word.dotx
- c) Norm.dotm
- d) Ningunha das anteriores